

## CANTA BICHERIA.

-Cando aquelas partículas de po branco pasaron polo interior do meu tabique nasal, xa estaba todo perdido. Empurrei a porta e os focos de cores cegáronme coma o sol polas mañás. Dirixinme cara a barra cambaleante, mentres o meu corpo asimilaba aquela sustancia, senteime con dificultades naqueles taburetes. Mirei ao meu redor, intentado enfocar ben a visión, observei que todo o local estaba ateigado de galiñas, patos e doutras aves que non souben nomear. Xirei o pESCOZO en varias direccíons para intentar atisbar o meu compaÑero, pero non o encontraba por ningures. Tomei a primeira copa lentamente, pensando no que vira había uns segundos. Despois de pasados uns dez minutos, levanteime e camiÑei a través daquel galiñeiro. Ocorréuseme buscalo fora, fun cara a entrada, saín e camiÑei uns metros pola beirarrúa, a cal semellaba recen sementada, cando de súpeto un grito masculino chamou a miña atención. Corrín, fixándome ben nos meus pés, os cales parecía que se ían ceifar das pernas, cheguei a esquina e víñ como tres corpulentos touros estaban a mallar no meu amigo. Dirixinme cara a eles sen pensar, collín a un polos cornos pero desfíxose de min coma un saco. Volvíñ arremeter contra eles, pero a súa cornamenta era impenetrable. Viron a miña insistencia e empezáronme a golpear coas súas patas, un deles propinoume un golpe na testa que me deixou bastante mareado.

Despois diso non me enterei de nada máis. Só que nos levaron deica un gran elefante que fumaba unha gran faria e estaba sentado sobre un precioso trono dourado. Aquel magnífico animal dirixiuse a nós con voz grave. Os tres touros que tiñamos detrás non dicían nada. O elefante empezounos a recriminar que tiñamos algo que lle pertencia. Nun momento dado levantouse, con dificultades, e agarroume pola gorxa con aquellas mans de paquidermo, acercou os seus distantes ollos a miña cara e díxome con voz suave e directa, “Dáme o meu fardo ou remátote aquí mesmo”. Despois de escoitar iso empecei a recordar na miña danada e fundida memoria. O elefante estábase referindo á farlopa que fumaramos aquela mesma noite. Ó descubrir iso, mirei ao meu amigo con terror. El xa nen sequera me podía mirar. Pensei en explicarollo todo ao zoolóxico que nos rodeaba, pero sería inútil. De repente a miña lúcida mente tivo unha idea. Activaría a alarma do meu móvil a unha frecuencia moi baixa para que os animais enlouqueceran e así poder escapar. Pero non sei por qué contras o meu plan non obtivo resultado. Os touros agarráronme polo xersei e arrastráronme ata unha flamante limusina. O elefante ordenou arrancar e inmediatamente a miña cara foi tapada cun saco, supuxen que sería do almorzo dos touros. Despois de uns vinte minutos o vehículo parou. Sacáronme o saco e botáronme fora do coche. Abrín os ollos e vin un pasto verde con dous carballos na entrada e un pazo ó fondo. De repente un sentimento de alegría con parte de tolería invadiu o meu corpo e comecei a saltar e acoitelar de forma descontrolada.

- Entón vostede declarase culpable da morte do narcotraficante que controla a illa de Arousa e dos seus tres gardaespaldaS, non?
- Non, señor comisario, eu nunca fixen tal. Eu só recordo o que lle acabo de contar.